

Bernardo atxaga

obabakoak

BERNARDO ATXAGA

Seudónimo de Hoseba Irazu, poeta e novelista que escribe en vasco e castelán, nacido en Asteasu (Guipúzcoa) o 27 de xullo de 1951. Licenciado en Ciencias Económicas e en Filosofía e Letras pola Universidade de Barcelona, é autor de poemas, contos e novelas. Publicou o seu primeiro libro de poemas **Ziutateak** (As Cidades) en 1976, e dous anos máis tarde **Etiopía**, polo que lle foi concedido o Premio da Crítica. Ó longo das dúas últimas décadas publicou máis de vinte libros de literatura infantil e xuvenil, realizou guións radiofónicos e obras teatrais, e mantivo unha estreita relación coa música vasca, para a que escribiu numerosas letras de cancións. Pero o seu maior impacto literario chegoulle a través das súas novelas coas que obtivo un gran éxito, e que foron traducidas a varios idiomas. A primeira, **Bi anai** (Dous irmáns), foi Premio da Crítica no ano 1985, e **Obabakoak** (Os de Obaba) de 1988, obtivo o Premio da Crítica, o Euskadi e o Nacional de Literatura. Considerado agora mesmo o autor máis representativo da literatura vasca, publicou tamén recentemente en castelán as novelas **O home so** e **Esos Ceos**. Entre as vangardas e o realismo máxico, nas súas obras ten un gran protagonismo a natureza e os seus persoaxes soen ser xentes do pobo vasco, enfrentado a ese paisaxe e ás condicións sociais do noso tempo.

Outras obras de Bernardo Atxaga:

- Nicolasa: aventuras e loucuras.
- Ramuntxo detective.
- A Cacería.
- Memorias dunha vaca
- Shola e os leóns.
- Shola e os xabaríns
- Un espía chamado Sara.
- As bambulísticas historias de Bambulo. (serie).

RESUMO XERAL DA OBRA

O libro de Atxaga consta dunha serie de relatos non independentes, senon conectados entre sí, que configuran unha narración estruturada a partir desos relatos. A obra céntrase no territorio de Obaba, nas súas páxinas podemos atopar o soño e a fantasía (Esteban Werfell), a soidade (Saliría a pasear tódalas noites), a esperanza (Klauss Hanhn).

Obabakoak componse de 26 relatos independentes que sen embargo configuran unha realidade lírica única, complexa e ó mesmo tempo homoxénea a través dos primeiros contos o autor presenta o mundo mítico de Obaba que constitue unha especie de referencia al mundo rural vasco. Tralo inqueda once palabras na honra do pobo de Vilamediana entramos na segunda parte da obra, na busca da última palabradonde varios personaxes van entrelazando historias ata desdibuxar a fronteira entre realidade e ficción, entre lenda e

crónica.

O xoven e o verde é unha historia dun home que fai unha viaxe ó lugar da súa infancia, Obaba, nun esforzo para superar un dos seus medos da nenez. Este medo da infancia basease nun suceso sobre un lagarto, o cal, o protagonista creía que se lle metera na cabeza ó seu amigo cando eran nenos.

A necesidade de resolvelo misterio e a oportunidade de ofrecer un conto ó seu tío fan que o noso protagonista desvele o secreto do caso ó longo da historia, que se intensifica aínda máis a través dos informes do persoaxe Smith. Ó día seguinte a estes informes, có tío aliviado e xunto ó contacontos, algunhas das pistas do día anterior comezarán a ve-la luz. O noso protagonista, con todos estes elementos reunidos e sabendo que pasou xa moito tempo, xunto có resto dos persoaxes redactará totalas visitas, como se contiveran totalas súas últimas palabras. Toda a búsqueda xirará en torno a isto.

O protagonista é un verdadeiro escritor. Polo que a novela é subxetiva, xa que é o seu punto de vista. Nos contos, os narradores tamén teñen o seu punto de vista pedindo primeira ás persoas(os lectores) que o desentrañen. Os métodos empregados son diversos, pero a melancolía e a tristeza están presentes en tódolos contos.

ESTRUCTURA EDITORIAL

Na parte superior da portada do libro aparece o nome do autor de maneira destacada, e na zona central da mesma, o título, O Babakoak. Na parte inferior indícasenos o formato do libro.

Trala apertura do libro atopámonos cunha reprodución exacta da portada. Seguidamente preséntasenos unha páxina en branco. Á volta da folla aparece unha serie de información sobre o traductor do libro, o propio Bernardo Atxaga, a data da edición (setembro do 1995) e a editorial que publica a novela, finalmente aparece un pequeno parágrafo que indica a prohibición da reprodución do libro. Na seguinte páxina volve a aparecer a repetición da información da portada. A continuación, están impresas dez páxinas escritas por Ibán Sarasola nas que fai unha introducción á literatura vasca. Finalmente, o autor mostra a súa gratitude ás persoas que lle axudaron a traducir a novela. Na páxina seguinte a esta dedicatoria indícasenos o comezo da primeira parte da narración, Infancias, que comeza có capítulo titulado Esteban Werfell.

PARTES NAS QUE SE DIVIDE A OBRA

A obra de B. Atxaga divídese en tres partes: Infancias, Nove palabras en honor do pobo Vilamediana e Na busca da última palabra.

Cada unha das partes conta cun determinado número de capítulos: a primeira parte consta de cinco capítulos, a segunda está constituída por unha única narración e a terceira parte está formada por vinte capítulos. Ó final da última parte do libro aparecen tres follas de contido autobiográfico do autor.

–Infancias:

Este capítulo está formado polos relatos e historias elaborados polo protagonista na súa idade adulta, a partir dos recordos que ten da súa infancia no pobo e dos habitantes do mesmo, así como dos seus costumes e tradicións. É unha retrospectiva desde a súa madurez.

–Nove palabras na honra do pobo de Vilamediana:

Neste capítulo vemos como o protagonista se despraza desde a súa cidade natal ata un pobo de Castela-León (Vilamediana), onde coñece á súa xente e os costumes do lugar, así como tamén comparte a súa afección á literatura có gardabosque e có anano, mantendo con eles conversas de gran nivel cultural.

–En busca da última palabra:

A partir de aquí comeza o relato que narra a búsqueda da verdade sobre o caso do lagarto e as aventuras que pasa o narrador–protagonista para descubrir a verdade: a visita ao bar de Ismael; a excursión á casa do seu tío, onde fan a reunión sobre literatura,...

Dentro deste capítulo inclúense as historias narradas polo protagonista, polo seu tío, polo seu amigo médico e por Mr. Smith.

Remata coa resolución do caso e có empeoramento da saúde do protagonista, que se volve tolo.

O NARRADOR

Na maior parte do libro a persoa gramatical empregada é a terceira persoa singular, xa que este xira en torno a unha serie de historias contadas por uns persoaxes. Sen embargo, a primeira persoa singular tamén é abundantemente utilizada debido a que aparecen unha serie de persoas que fan uso da mesma, por exemplo: Esteban Werfell, o escritor que se traslada a Vilamediana, a persoa que vai na procura da última palabra, o señor Smith cando narra a súa expedición ao Amazonas e o acontecido nos arredores da selva...

Os tempos verbais predominantes na novela son o pretérito perfecto simple e o pretérito imperfecto, xa que, son os tempos xeralmente empregados para o relato das historias. Ademais, nos diálogos entre os persoaxes, o autor utiliza o presente de indicativo.

O narrador participa na acción, xa que, é un dos persoaxes principais das historias narradas na obra, como por exemplo: cando se traslada a Vilamedina; a historia na que conta as súas andanzas no pobo; a súa relación cos habitantes do lugar; as súas actividades diarias, os paseos que daba pola fraga có gardabosques; o capítulo no que intenta atopala resolución sobre o caso do lagarto de Ismael, etc.

Na maior parte das historias do libro (De solteira, Laura Sligo) o narrador, Mr. Smith, conta as súas propias vivencias na selva amazónica e a súa romántica historia de amor con Laura, inmiscuíndose completamente na acción. Poren, o narrador presenta tamén unha postura obxectiva a cerca da realidade ó reproducir historias que lle foron contadas por terceirose polo tanto non participa na acción narrada, xa que, non é ningún personaxe dela. Por este motivo podemos dicir que nos indica de forma obxectiva uns feitos pasados, ben sexan contos de tradición popular ou elaborados polo propio protagonista e os seus compañeiros (seu tío de Montevideo, o seu amigo médico...) en conclusión no libro mestúranse a postura obxectiva e subxectiva, predominando esta última.

PERSOAXES

–**Esteban Werfell**: era un xoven que vivía en Obaba. Seu pai, que era de Hamburgo, rexeitaba as formas de vida e o pensamento da senté do pobo no que residían, debido a que era un home ríxido e fixo de ideas. Esteban Werfell mantiña unha relación de cordialidade có seu pai, aínda que existían grandes diferencias entre eles que se reflexaban no distanciamento emocional que mantiñan. Esteban era un rapaz fiel ós seus amigos, ós que apreciaba e cós que pasaba a maior parte do seu tempo de lecer, ía con eles tódolos domingos ao cine cada un coa súa bicicleta. A diferenza de seu pai ten unha gran admiración e curiosidade polo mundo eclesiástico e ten moita curiosidade por coñecer o que acontece na igrexa. É na igrexa onde demostra a súa inxenuidade e debilidade espiritual, ó crer que unha visión que tivo era real, e que a rapaza que se lle apareceu, loira e fermosa, existía realmente. Có paso dos anos debido a unha estratexia de seu pai coñece o seu lugar de orixe, Hamburgo, e todo o relacionado con dita cidade, vai á universidade e aprende alemán, idioma que lle ensina seu pai. É dicir, instrúese académicamente, o que fora un dos obxectivos principais que o seu proxenitor lle tiña asignado. Ademais, Esteban comeza a ter unha relación máis fría coa xente de Obaba e todo o relacionado có pobo, igual que fixera anteriormente seu pai. A personaxe de Esteban Werfell está

caracterizada dunha forma indirecta, xa que, o narrador non nolo presenta directamente, senón que coñecémola súa forma de ser deducíndoa das súas reaccións ante diversas circunstancias que se lle presentan na vida. Debido a isto, habería que dicir que está caracterizado prosopográficamente, xa que, non coñecemos ningún dos seus rasgos físicos.

–**O escritor que se traslada a Vilamedina:** é un home bastante aventureiro, xa que, decide abandonar a súa cidade natal por unha vida rural solitaria. É unha persoa moi curiosa, interesase pola vida da xente e polos diversos aspectos da vila, o seu clima, o carácter dos seus vecinos, a disposición das casas e edificios que conforman o pobo. É un home bastante sensible, o seu estado anímico vese influenciado por circunstancias alleas á súa persoa (o tempo atmosférico, a alegría ou tristura dos seus veciños...) por último teríamos que destacar que é un home culto, isto desmóstrase nas súas conversacións de alto nivel cultural có gardabosques e có anano Enrique de Tassis. Por outra banda, noutra das historias do libro, este mesmo persoaxe amosanos a súa inxenuidade ao intentar atopar a solución do caso do lagarto. Este personaxe, igual que o anterior, ten unha caracterización prosopográfica.

–**O tío de Montevideo:** é o tío do protagonista. É un apaixonado da literatura do século XIX, con respecto a este tema, e de ideas fixas e so acepta as súas propias teorías sobre cuestións literarias. Debido a isto é bastante irrespetuoso e burlón con aquela xente que sostén ideas diferentes ás súas, é ademais un gran escritor, ó desenvolver contos moi elaborados como o titulado método para plaxiar. Nos demais aspectos da súa vida, así como coa literatura, é unha persoa moi meticulosa e afeccionada a programar todas as actividades q leva a cabo. Non se nos mostran características físicas deste persoaxe, polo tanto a súa descrición é unha prosopografía.

–**Mr. Smith:** é un persoaxe de orixe inglés bastante peculiar, xa que, comparte a súa paixón pola literatura e os contos populares cunha negativa acepción ás bebidas alcólicas, vicio que lle ven do polas adversidades que tivo que pasar ó longo da súa vida. (fillo dun indiano de Obaba, partiu á selva amazónica en expedición onde lle sucederon aventuras cun gran contido emocional, como unha picadura venenosa de serpe que case lle provoca a morte ou o gran amor que lle profesou a Laura Sligo) neste caso habería que falar dunha caracterización directa e indirecta ón mesmo tempo, debido a que coñecemos a súa personalidade e a súa forma de ser polo que opinan sobre el o protagonista e o seu amigo médico (afeccionado tamén á bebida e ós contos populares) dándose unha caracterización directa; e tamén o coñecemos como no caso de Esteban Werfell pola súa maneira de reaccionar ante as circunstancias q ue se lle van presentando ó longo da narración.

A caracterización deste persoaxe é unha caracterización escueta e etopeica, xa que, se coñecen algúns dos seus rasgos físicos: é un home maior cunha poboada barba branca..., polo que poderíamos falar dun retrato.

Esteban Werfell ten un opoñente na vida que lle impide realizarse como persoa, seu pai. Isto pódese ver cando sendo un neno el quere parecerse e facer as actividades igual que os seus amigos e seu pai impídello co seu carácter autoritario. Ó final éste consegue que a conduta do seu fillo cambie cara unha posición máis achegada á súa ideoloxía.

Respecto ó escritor que vai a Vilamedina, pódese apreciar que conta cun opoñente claro, que se aprecia cando intenta esclarecer a verdade sobre o caso do lagarto. O escritor, convencido de que a causa da perda das facultades do seu compañeiro de infancia Albino María é o feito de que outro compañeiro seu, Ismael, lle introducira de pequeno un lagarto pola orella, intenta averiguala verdade sobre este feito e a confirmación do mesmo por parte de Ismael. Aínda que todos lle din que o seu plantexamento é unha teoría irreal e carente de sentido, el esforzase e pon todos os medios ó seu alcance para confirmalo, ó estar convencido de que o que o feito en cuestión sucedeu realmente. Neste caso o opoñente que se lle presenta ó personaxe é a propia realidade e o pensamento racional da xente que o rodea, que non comparte unha opinión tan absurda.

Para identificar ó opoñente de Mr. Smith debemos trasladarnos á época da súa vida que pasou xunto a Laura Santiago na selva amazónica. É nesta viaxe cando Mr. Smith queda prendido de Laura e desexa manter unha

relación amorosa con ela. É aquí cando se lle presenta un obstáculo ou opoñente, xa que Laura está casada e isto impídelle, nun principio levar a cabo o seu obxectivo. Finalmente logra salvarlos obstáculos e ver cumprido o seu desexo.

Esteban Werfell procede dunha familia acomodada, cun nivel cultural aceptable e de costumes tradicionais xermanas, o que se comproba na ideoloxía de seu pai. Pero, Esteban Werfell quere introducirse na vida do seu pobo, Obaba. No intento de integrarse na sociedade de Obaba, atópase con que a súa orixe social é un impedimento, xa que os ideais de seu pai non son compatibles co pensamento das xentes do lugar, e por iso el ten unha especie de contradición emocional, xa que, por unha parte está desexando coñecer o ambiente que o rodea e por outra banda débese ó seu pai e ten que someterse á súa vontade.

Esteban Werfell é presentado pola voz do narrador omnisciente, é dicir, q coñece todo sobre o personaxe, tanto os seus actos como os seus pensamentos. O narrador indicanos a presenza de Esteban cando nos di que vai escribir no seu diario.

O escritor que vai a Vilamediana preséntase a sí mesmo. O escritor fala en primeira persoa e aparece no libro por primeira vez ó indicarnos o seu traslado desde a súa terra natal a Vilamediana.

Tanto o tío de Montevideo como Mr. Smith son presentados polo protagonista, cando éste desempeña a labor de narrador.

TEMPO

En xeral a historia desenvólvese no tempo actual, é dicir arredor dos anos oitenta, que é cando o autor escribe a obra. É nesta época cando o protagonista, na súa idade adulta, trasládase a vivir a Vilamediana e leva a cabo as súas investigacións. Porén habería que falar doutro tempo que aparece na novela e que corresponde ao primeiro fragmento do libro, tempo que se corresponde coa infancia vivida no pobo de Obaba, é dicir os recordos que ten o protagonista do seu pobo plasmados nunhas historias que relaciona cunha gran puntualización, polo tanto supoñen unha retrospección desde a idade presente do protagonista ata a súa infancia. Éste é o caso, por exemplo, da historia de Esteban Werfell na que relata as súas vivencias no pobo de Obaba cando era pequeno.

Vai desde a infancia do protagonista, da cal extraen os recordos que lle influirán posteriormente na súa vida de adulto e que se atopa nos relatos que conteñen ditas lembranzas, ata a súa idade adulta que é cando elabora a súa produción literaria e vive as aventuras naradas no libro como a investigación sobre o caso do lagarto ou a visita que lle fai ó seu tío.

A pesares de ter unha estrutura lineal, que vai desde a infancia ata a idade adulta do protagonista, nesta novela hai saltos temporais notables entre os contos que se relatan, dándose repentinamente cambios de personaxes, tempo, lugar... Isto débese á estrutura caótica que se dá entre as historias.

Respecto á estrutura xeral da novela, habería que dicir que é ab-ovo (unha historia que comeza polo principio, xa que, empézase a narrar pola infancia no pobo. Isto correspóndese cunha estrutura lineal, que segue a liña do tempo)

ESPACIO

No caso de Esteban Werfell a acción desenvólvese nunha zona rural (Obaba) que é onde vive, onde coñece por primeira vez o mundo eclesiástico, onde escribe o diario no que plasma as súas vivencias... Sen embargo dase un traslado de lugar, xa que, na súa mocidade ó cursar os estudos universitarios vai vivir a unha cidade. Ademais, cando é adulto emprende unha viaxe a Hamburgo (Alemania). Polo xeral poderíamos dicir que o ambiente que rodea ó protagonista é o entorno de Obaba (País Vasco) e os seus arrabaldes, que é onde

sucedan as historias contadas ó principio, elaboradas a partir dos seus recordos.

Tamén poderíamos citar o pobo de Vilamediana (Castela-León) que é o lugar onde o protagonista se traslada na súa madurez. Por outra parte, hai que ter en conta que existen diferentes espacios que son os recreados nas historias narradas polo protagonista, polo seu amigo, polo seu tío de Montevideo e por Mr. Smith.

Finalmente hai que sinalar que polo xeral a acción transcurre en espacios exteriores (hamburgo, Obaba...), salvo cando Esteban se atopa na súa casa escribindo o diario.